



Fichas divulgativas pagamentos directos

FICHA 1e.iv / PD

Ovino

NORMATIVA

- **Regulamento (CE) 1307/2013** polo que se establecen normas aplicables aos **pagamentos directos** aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común.
- **Real decreto 1075/2014** sobre a aplicación a partir de 2015 dos **pagamentos directos** á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural (art. 70 ao 72).

DEFINICIÓNS

Explotación: todas as unidades utilizadas para actividades agrícolas e administradas por un/unha agricultor/a e situadas no territorio dun mesmo Estado membro.

Animal potencialmente admisible: un animal que, *a priori*, podería potencialmente cumprir os criterios de admisibilidade para recibir a axuda en virtude do réxime de axuda por animais ou dunha medida de axuda relacionada cos animais na campaña de solicitude en cuestión.

Animal determinado: nun réxime de axuda por animais, un animal que cumpre todas as condicións establecidas nas normas para a concesión da axuda, ou nunha medida de axuda relacionada cos animais, un animal identificado mediante controis administrativos ou sobre o terreo.

Regulamento (CE) 1307/2013 de pagamentos directos (art. 4.1 e art. 2 Rgto. delegado (UE) 640/2014)

NORMAS XERAIS

- ◆ Concederáse unha axuda asociada ás explotacións de gando ovino co obxectivo de garantir a súa viabilidade económica e de reducir o risco de abandono desta actividade produtiva.
- ◆ As axudas concederáanse por animal elixible e ano.
- ◆ Condicións:
 - ♣ Agricultor activo.
 - ♣ Inscritas no Rega como explotacións de ovino cunha clasificación zootécnica de reprodución para a produción de carne, reprodución para a produción de leite ou reprodución para a produción mixta
 - ♣ Animais elixibles:
 - Femias da especie ovina mantidas como reprodutoras conforme a declaración censual obrigatoria e rexistradas con data 1 de xaneiro de 2015.
 - Presentes na explotación en 1 de xaneiro.
 - Censo mínimo de 10 animais elixibles en Galicia.
 - Movementos de saída das explotacións de polo menos 0,4 anos/femia elixible e ano.



REQUISITOS XERAIS PARA PODER ACCEDER AO PAGAMENTO

- ◆ O importe por cabeza determinarase anualmente a partir do número de animais elixibles no ámbito do Estado e do orzamento dispoñible.

Obrigatorio	Si	X Non	Obs.:
Agricultor activo	X Si	Non	Obs.:
Actividade agraria	X Si	Non	Obs.:
Ter solicitude única en 2013	Si	X Non	Obs.:
Ter pagamento base		Si X Non	Obs.:

Observacións: